

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº17 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de outubro/ Estado de infimo sentidiño

ONS ETNOGRÁFICA

Neste número, e debido a que en AUNIOS estamos a homenaxear a aquelas persoas que traballaron a prol da Illa de Ons, traio un traballo de Fernando Alonso Romero (homenaxeado para o 2021) e onde se cita outro traballo de Ana Liste (homenaxeada este ano 2020) sobre Ons e os Ritos do Mar que se facían na Illa. Foto da praia de Area dos Cans onde se realizaban estes Ritos.

Páx. 1



ONS NA MEMORIA

Traio unha foto do barrio de Pereiró que saíu publicada na Gran Enciclopedia Galega e que no seu pé de foto fala de casas abandonadas. Intento dar unha visión distinta é dicir que non estaban abandonadas, si deshabitadas, algunhas, no inverno.

Páx. 1



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Xosé Fuentes, colaborador de AUNIOS, fainos chegar a súa suxestión sobre o tema dos Furanchos e Loureiros que se debateu na mesa da partida de Ons no Onstopus nº 15, onde un home de Ribadavia daba a súa teoría sobre a diferenza entre furancho e loureiro. Fuentes, sen deixar de estar de acordo do home, dá a súa versión sobre o furancho ou cova onde se gardaba o viño e como o loureiro foi de sempre un símbolo de abundancia.

Páx. 2

ONS ARQUEOLÓXICA

Hoxe falamos do castro “Cova do Lobo” que foi catalogado polo Museo de Pontevedra como o máis interesante da Illa de Ons, sen embargo ata o de agora non foi estudado e descoñecemos a súa verdadeira radicación e historia.

Páx. 2



ARRANXOS PARQUES VERÁN

Durante este verán 2020 Parques realizou varios arranxos que considero bos para a Illa: A baixada á praia Canexol. A subida rentes ao restaurante Pirata. A limpeza de varias zonas illáns. Cambio de paneis deteriorados e un bo número de actividades a carón do Centro de visitantes.

Páx. 3



O ARI NO PARQUE NACIONAL

Ons entraba dentro da Área de Rehabilitación Integral do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Xa houbo dúas convocatorias e, nin o concello de Bueu nin Parques tiveron a consideración de informar aos veciños, estudar as posibilidades,... e, de ser boas para a veciñanza de Ons, axudarlles a tramitalas. Pouca atención cara aos veciños!!!

Páx. 4



CONTOS E CHARLAS DE TABERNA

Desta traio a charla que xurdiu na mesa da partida sobre as distintas maneiras de chamar á **Borracheira**, despois de que un home ben **peneco** non deixara de darlles a vara mentres xogaban ao dominó.

Páx. 4



ONS ETNOGRÁFICA

RITOS E LENDAS SOBRE AS ONDAS DO MAR

A asociación Pineiróns, na súa revista AUNIOS leva tres anos homenaxeando a aquelas persoas que ao longo dos anos traballaron a prol da Illa de Ons. No último número de 2020 homenaxearon a Ana Liste e Santiago Castroviejo e para este próximo ano 2021 van a facelo nas figuras do matrimonio formado por Fernando Alonso Romero e a súa dona María Castroviejo Bolibar.

Precisamente Fernando Alonso Romero realizou hai uns anos un traballo sobre “As nove ondas do Mar Sagrado: Ritos y Mitos Galaicos sobre las olas” onde nomea e cita a Ana Liste sobre o seu traballo “Galicia, brujería, superstición y mística”. Dese traballo imos quitar as notas para a Ons etnográfica deste número. (traducido ao galego).

<... É evidente que hoxe a poucas persoas se lles ocorre ir a bañarse á Lanzada para ter fillos cando a ciencia médica descartou toda esperanza. Sen embargo parécenos normal que se acuda a implorar a intersección da Virxe ou de calquera outro santo. Neste comportamento a actitude da muller galaica de antano é a mesma que a de agora; variou unicamente o fin último no que confía as súas esperanzas. Agora acodese á divindade, ao ser superior das nosas crenzas relixiosas. Antes tamén se facía así, só que esta divindade situábase noutra dimensión... Esa outra dimensión era o Mar...>

Logo segue dicíndonos, referíndose ao traballo de Ana Liste:

<... Onde mellor se conserva esta crenza na sacralidade do mar é na Illa de Ons. Hai moi poucos anos, Ana Liste recolleu, durante a súa longa estadía na Illa, un interesante ritual de curación do “Mal de Aire”. A muller que o efectuaba debía baixar descalza á orela do mar á madrugada dun día de lúa chea para recoller algas “desas lisas, verdes e planas que chaman verdellos”. Logo poñíase de costas ao mar e facía con elas 18 nobelos, que colocaba en dous grupos de 9; un á súa esquerda e outro á súa dereita. Os da súa esquerda eran para levar a casa e os outros 9 para tiralos ao mar. Aproveitando a marea crecente tirábaos de costas ao océano, uns tras outro, e a cada un debíalos levar unha onda diferente. Mentres isto facía, ía recitando un ensalmo con cada nobelo que lanzaba ao mar:

“Onda do mar sagrado

Tírame o aire de morto,

De vivo ou de escomulgado”.

Despois levaba a casa os 9 nobelos restantes; prensábaos, escorríaos ben e atábaos fortemente para colgalos ao fume da lareira. Ao día seguinte, e nos restantes, ata completar o total de 9 días que duraba este ritual, volvía a muller á orela a facer 9 nobelos e a tiralos ás ondas seguindo o procedemento descrito. A medida que se secaban os nobelos colgados sobre a lareira, críase que se secaba a persoa que causara o Mal de Aire, co que marchaba o espírito causante do dano.>.



Foto arriba: A Lanzada. Ermida, fortaleza e a praia de Foxos onde se fai o Rito das nove ondas.

Foto medio: Verdellos cos que se facían os nobelos.

Foto abaixo: Recreación do Rito da Fertilidade. A facer na véspera da noite de San Xoán.

Foto: <https://entrebretemas.blogspot.com/>

Foto que ilustraba a Gran Enciclopedia Galega no tomo que toca a Illa de Ons.

ONS NA MEMORIA

Considero esta foto moi interesante. Corresponde ao barrio de Pereiró e debeu ser realizada a principios dos anos 70 do s.XX. Ilustra a páxina correspondente ao tomo que fala da Illa de Ons da primeira edición da Gran Enciclopedia Galega. No seu pé de foto escriben: “Casas abandonadas en la Isla de Ons”.

O barrio de Pereiró era, xunto ao de Canexol, os máis ricos da Illa, polo menos no que respecta a posesión de terras e gando. Iso provocou que puideran empeñarse con certa facilidade e foran os primeiros en comprar barcos a motor e, por conseguinte, verse na obriga de ir vivir a Bueu buscando un porto de abrigo para eses barcos.

As súas casas non quedaron abandonadas, si deshabitadas no inverno, porque tres das casas que saen na foto estaban habitadas no verán de 1975 cando eu paso todo o verán na Illa e traballaban as terras lindeiras á casa.

A partir do ano 1980 cando suprimen a escola, si, gran parte das casas illáns van quedar deshabitadas pola falla de servizos básicos. Algúns seguirán vindo nos veráns dos anos seguintes, outros deixaran as súas vivendas a parentes e amigos durante a tempada de verán para abrilas e mantelas en bo estado e outras, por falla económica ao estar montando unha nova vida no continente, terán que deixalas deshabitadas por máis tempo co conseguinte deterioro por mor das inclemencias meteorolóxicas, que na Illa se multiplican.

Foron dous ou tres anos, xa que a partir de 1982, os veciños que xa arraxaran a súa vida en Bueu, Portonovo, Cangas,..., volven ás súas orixes e intentan arranxar as súas vivendas, pero por desgraza, atópanse coa administración e comezan os problemas. As casas de Ons nunca quedaron abandonadas.





ONS ARQUEOLÓXICA

CASTRO DE COVA DO LOBO

No Catálogo de Achados Arqueolóxicos da Illa de Ons realizado por Filgueira Valverde e García Alén e publicado polo Museo de Pontevedra, falan sobre o Castro da Cova do Lobo da seguinte forma: “*Ten tradición de vivendas. É o máis interesante. Acháronse tamén moedas romanas, grandes e medianas de bronce imperiais*”. E cita, entre a súa bibliografía, a Xurxo Lorenzo, Álvaro das Casas, Álvarez Limeses e Cavada Nieto.

Agás neste Catálogo, despois ninguén fai referencia a este Castro como investigación ou estudo, si fano constar na bibliografía de moitos traballos que xurdiron a partir de 1993 sobre a Illa. Estraña que investigadores como Alonso Romero que visitou a Illa en numerosas ocasións e sabemos que acompañado dalgún arqueólogo, non fixeran ningún tipo de mención sobre el, ao igual que a investigadora do CSIC, Paula Ballesteros, que realizou un traballo moi interesante sobre Ons, só fale del de xeito residual e non se fixera ningunha investigación, minimamente, exhaustiva para comprobar se nesa zona houbo un asentamento castrexo ou non e catalogalo dun xeito real.

Aquí queda outra gran incógnita a resolver para os investigadores. Foto: Zona castro de Cova da Loba

O SALGADOIRO DAS SUXESTIÓNS

Referido ao Onstopus 15. Contos de Taberna. Furanchos ou Loureiros

No nº 15 falabamos da explicación que un home de Ribadavia daba aos ocupantes da mesa da partida de Ons sobre a diferenza de furancho e loureiro. O paisano falaba do Furo estreito e do Furo ancho para referirse ao momento de abillar o barril, e do Loureiro que se poñía na porta da casa cando o bodegueiro decidía vender alí mesmo o seu sobranse de viño. Pois ben, un bo amigo e colaborador de AUNIOS, Xosé Fuentes, danos a súa versión sobre os nomes de Furancho e Loureiro, aínda que está ben de acordo coas palabras e teorías do home de Ribadavia. El di:

LOUREIROS E FURANCHOS

Para referírmonos as casas ou adegas familiares onde se vende ou convida a tomar un grolo cando remata a vendima, sempre que sexa abundosa, hai distintas denominacións.

Furancho: etimoloxía de furar; cova longa e profunda acondicionada segundo a tradición para que o viño descanse nos seus delicados procesos.

Na ribeira sagrada, por mor das empinadas ladeiras onde se colleita e pola dificultade para o seu traslado á morada, faise a cova ou a mina na terraza máis axeitada, sempre entre as cepas no sitio da vendima.

Poida que o nome de furancho sexa importado á zona das rías baixas, xa que por aquí non hai esas dificultades para o traslado da uva, nin existiron adegas soterradas polo común.

Loureiro: Nas rías baixas hai un reclamo poético para anunciar que a nova colleita é certa. Pendúrase un ramo de loureiro na cancela ou nun sitio que sexa ben visible.

Este símbolo, tamén se utiliza para anunciar un acontecemento importante como é o remate dunha obra (pórlle o ramo). Ese día convídase á veciñanza para compartir a alegría do acontecemento.

Furanchos e Loureiros, son unha realidade nas zonas onde se colleita viño que foron perdendo aquel sentido de compartir coas xentes do lugar e transformáronse en negocios.

A expresión “furancho” vai gañando presenza en detrimento de “loureiro”. Gosto de reclamo do ramo de loureiro, a súa simboloxía vén de moi antigo, xa cinguían con loureiro as cabezas dos grandes homes na Roma Clásica, simbolizando poder, abundancia, sabedoría,...

P.D.: Tamén nas terras extremeñas anuncian o (pitarra) viño da zona, cunha rama de Oliveira.



ARRANXOS PARQUES VERÁN 2020

BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

Rematada a nova baixada á praia de Canexol. Dende o meu punto de vista coido que quedou ben aínda que é un pouco empinada. O importante é que agora Parques a sinalice adecuadamente, peche a antiga baixa preto da duna, manteña conversas cos veciños da zona explicándolles o por que da conveniencia de pechar esa baixada e que, loxicamente, se vixie para que se cumpra, agás por algún motivo puntual moi xustificado.



No nº 13 de Onstopus tocabamos este tema referido ás actividades e obras que o Parque estaba levando na Illa durante este ano 2020.

Naquel intre comentabamos que estaba sen rematar a baixada á praia de Canexol e que mirábampos positivamente as actividades realizadas polos guías, o arranxo da subida do camiño a carón do Pirata e a limpeza na zona de Canexol.

ARRANXO DE PANEIS INFORMATIVOS

Pineiróns leva moitos anos solicitando a Parques a colocación en lugares históricos, etnográficos, naturais por fauna e flora, ..., de paneis informativos para que os visitantes, a carón da andaina, tamén se informen, aínda que sexa superficialmente, das características da Illa a medida que pasean.

Dicir que, aínda que paseniñamente, foron poñéndoos nos lugares máis estratéxicos para facilitar a información e hai un par de anos, tamén foron apoiados polo illán e concelleiro de Medio Ambiente de Bueu, Adrian Ferrer, que por medio dunha subvención de Parques, fixo unha Ruta Arqueolóxica circular pola Illa coa axuda de paneis informativos.

Só hai que pedir a Parques o seu mantemento, xa que algún está moi deteriorado polas inclemencias meteorolóxicas e polas mans dalgún energúmeno que se encarga de deterioralo.

Este ano Parques cambiou o de peixes que estaba fronte á Laxe do Crego nun estado moi deplorable. Importante buscar a fórmula para evitar eses deterioros e, de producirse, busca solucións, como así fixo.



Vemos o panel como se atopaba na primavera e como no verán



LIMPEZA DA ILLA

No nº 13 de Onstopus destacábampos a limpeza levada a cabo no barrio de Canexol. Tamén queremos destacar agora a que se levou a cabo pola zona de Caño, Chan da Pólvora e Cucorno. Esperamos que estas limpeza, moi necesarias, sexan o resultado dun estudo e programación previa con uns obxectivos claros.

En ocasións, como vemos na foto de Canexol, saen ao descuberto antigas construcións. Neste caso o primitivo lavadouro de Canexol e o muro que linda con el. Habería que intentar conservalos e que a maleza non os volva a cubrir, requiriría só un mínimo mantemento anual.

PRAIA DE CANEXOL

No que poderíamos chamar o cantil de Canexol que vai do camiño á praia e que agocha no seu interior parte da historia romana desta Illa, atópase nun estado bastante deficitario quizais producido polo efecto da ondata nos temporais e marusías do inverno e, pode que tamén, polo tránsito de vehículos polo camiño de rodeiras.

Coido que, por persoas especializadas e sen que se deteriore o medio, habería que buscar unha solución.



CONTOS E CHARLAS DE TABERNA

XEITOS DE CHAMAR Á BORRACHEIRA, ESCOITADOS EN ONS

Estaban a rematar a partida e xa cansos de aguantar a un homiño que, cunha boa **borracheira**, non os deixaba concentrarse. Manolo da Illa, xa farto, díxolle: - *Por que non vas tomar un pouco o aire fóra e deixas de molestar.* Ao que o home contestou: - *Teño un cagallón que non me cabe no cu.* Respondeulle Manolo: - *Pois, como non lísques vouche largar unha couce no cuiño que che vai saír todo o cagallón de golpe.* O home pensouno ben e, como puido, saíu da taberna no intre en que remataban a partida.

Ese foi o motivo para comezar unha conversa sobre os distintos xeitos de chamarlle á **borracheira**.

Comentou Arturo. - *Recordo aquel pequeno que viña nun iate dende o Grove e **collíaas boas**.* Ao día seguinte sempre dicía:

- *Oes meu!! Á noite **amolín un carenaso**, de carallo!!*

- *Si, acórdome, dixo Camilo, viña con aquel de Cambados, que sempre acababa como el, e dicíalle: onte íamos ben **canecos**.*

Francisco ríase e explicou: - *Acórdome dun amigo de Pontevedra, pequenote el que traballaba na caixa ou nun banco, non me acordo, que unha noite no chiringo **agarrouna boa**.* Pasouse toda a velada agarrado a outro chamado Salvatore e querendo ser Aurora Boreal. Ao final quedou durmido na praia de Canexol, non foi quen de abrir a porta da casa onde estaba. Ao día seguinte, cando lle preguntabas, dicía: *miúdo **xurelo** pesquei onte a noite.*

Juan, tamén ría, e comentou: - *De Pontevedra tamén era aquel que cando ía **cebollón** para a acampada, ao día seguinte sempre contaba o chiste do peixeiro: - Chegou unha muller á peixería e preguntoulle a Ramón, o peixeiro: - Tes merluza? Ao que el contestou: - **Merluza** tiña onte, hoxe teño unha resaca de carallo!!*

Pepe da Illa, que acababa de chegar, apuntou: - *Hai moitos xeitos de dicir borracheira: melopea, castaña, peido, mamado, pedal..., un mundo segundo de onde sexas, pero hai algunhas ben simpáticas. Recordades aqueles de Cangas que montaban o tolde nas Xabreiras? Pois collían cada peteneira de carallo!! Recordo cando casou Caballitos que fixeron unha boa festa na de Checho. Eles, cando ían pedir á barra pedían sempre unha nécora, e sabedes o que era unha nécora? Pois unha copa de coñac. Cando rematou a festa, non sei como deron chegado arriba, pero ao día seguinte, cando volveron a Curro tiñan os ollos que parecía que lle deran unha boa malleira. Pregunteille eu: - Onte estaban boas as nécoras, non? E unha delas contestoume: *Si, carallo, collemos un salabardo delas completo!!!**

Antonio, que estivera calado todo o tempo, indicou: *Así, con termos mariñeiros, tamén falaban eses de Ribeira que andaban bastante fóra da Illa ao mero. Cando viñan de volta da marea da semana, ás veces, paraban na Illa e como houbera festa, xa non marchaban ata o día seguinte. Un día agarraron unha tallada boa boa e, cando un deles ía a pedir a penúltima, díxolle o patrón:*

- *Ímonos de aquí rapaces, que xa temos o palangre ben enleado!!!*

A charla ía continuar pero a chegada á mesa de Arturo cunha luras pescadas pola mañanciña por Cesáreo e fritidas con ceboliña en aceite de oliva virxe extra, parou a conversa.



O ARI NO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

En febreiro de 2019 era presentado en Bueu (concello ao que pertence Ons) o ARI para as Illas Atlánticas no que, como explicaba a conselleira, habería axudas de ata 16.000 €. O 11 de xullo abriuse o prazo e estivo ata o 31 de outubro de 2019.

De novo volve a saír convocada o 26 de febreiro de 2020 e teñen prazo ata o 30 de outubro de 2020. A axuda pon:

En el ámbito de la ARI del Parque Nacional de las Islas Atlánticas:

Podrán ser personas beneficiarias de las subvenciones de esta convocatoria:

2. Las personas titulares de una concesión sobre un edificio o vivienda ubicada en este ámbito.

Proyectos subvencionables:


C. La ejecución de obras y/o trabajos de mantenimiento e intervención en las viviendas unifamiliares y en los edificios, incluso en el interior de las viviendas, instalaciones fijas, equipación propia y elementos comunes, a fin de adecuarlos a los estándares previstos por la normativa vigente.

Non entendemos ben o por que, tanto dende o concello de Bueu como da propia Consellería ou Parques, non se reuniu aos veciños para explicarlles esta convocatoria, mirar os seus pros e contras e, de ser factible e non influír negativamente nos dereitos dos veciños, prestar a axuda técnica precisa para poder solicitalas e así, entre outras cousas, poder arranxar as súas vivendas, as edificacións anexas,..., e adaptalas, o máis posible, á típica Arquitectura Mariñeira que posuía a Illa de Ons.



Foto arriba: Casa a rehabilitar na zona do Cucorno.

Foto abaixo: Piorno a rehabilitar en Pereiró.



ONS, A ILLA DOS COGOMELOS

Este pasado fin de semana da ponte do Pilar, o meu amigo Maqui envioume unha serie de fotos de cogomelos que xa comezan a aparecer pola Illa de Ons. Esta Illa, quizais por mor da falla de árbores, non é moi prolífera en cogomelos como si o é a de Cortegada dentro do Parque Nacional, pero, segundo nos conta Santiago Corral (Presidente da Asociación Micolóxica Naturista Liboreiro de Bueu) na revista AUNIOS nº 15 do ano 2010 no seu artigo sobre a Micología na Illa de Ons, xa se catalogaron 130 especies e algunha única como a aparecida hai uns anos e que leva o nome de *Clitocybe auniosiana* en referencia a este antigo nome romano da Illa.

Santiago Corral cita un bo número de especies, moitas delas comestibles, aínda que, en recentes aparicións nos xornais afonda máis na súa preocupación polo seu coñecemento científico e natural que, unicamente, pola súa preferencia gastronómica.

Sería interesante que dende esa Asociación Micolóxica, coa axuda de Parques, promoveran visitas guiadas micolóxicas a este arquipélago e coñecer así unha parte da súa riqueza natural por medio dos cogomelos.

